

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 20 de decembro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE, de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1704).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Ratifícase a urxencia da sesión por todos os presentes.

2(1705).- ADXUDICACIÓN A ITURRI, S.A. A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE TRES VEHÍCULOS PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 2665/213.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do 14-12-12, da secretaria da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Adxudicar a ITURRI, S.A., por un prezo de 653.248,75 € (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE de 113.373,75 € e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incremento do prazo de garantía de 5 anos sobre o prazo mínimo de 24 meses fixado no apartado 12 da FEC do PCAP.
- Aporta as seguintes melloras:
 1. 3 xogos de puntais hidráulicos con tódolos seus accesorios.
 2. 1 grupo de alta presión con tódolos seus accesorios.
 3. 1 xogo de coxíns neumáticos de baixa presión e de alta capacidade de elevación (tres unidades) con tódolos accesorios.
 4. 1 unidade de ram hidráulico compatible co equipo de excarcelación segundo Prego.
- Comprométese a respostar en caso de avaría no prazo de 18 horas todos os días do ano.

Todo ilo de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- O prezo se descompón nos seguintes prezos unitarios:

- O prezo do todo terreo é de 48.875 euros (IVE incluído).
- O prezo da bomba urbana lixeira é de 60.000 euros (IVE incluído).
- O prezo do vehículo de rescate en derrubamentos é de 544.373,75 euros (IVE incluído).

3º.- Darse por enterada do acordo adoptado pola mesa de contratación durante a licitación do presente procedemento, na súa sesión de data 15 de novembro de 2012, de exclusión do licitador ROSENBAUER ESPAÑOLA, S.A. por incluír no sobre B a documentación relativa o prazo de garantía, en aplicación do disposto na cláusula 12 apartado B do prego de cláusulas administrativas particulares que establece que será causa de exclusión da licitación a incorporación a este sobre (B) dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 9.B da FEC.

4º.- Requirir a ITURRI, S.A., o aboamento de 1.369,08 € en concepto de custe dos anuncios de licitación, con carácter previo á data de formalización do contrato.

3(1706).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MANTEMENTO E CONSOLIDACIÓN DO ACTUAL CIRCUÍTO DE ADESTRAMENTO NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 11616/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da secretaria da Mesa de Contratación de data 19-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Excluir do presente procedemento ás mercantis seguintes, por conter a súas ofertas valores anormais ou desproporcionados:

1. OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA,S.L.
2. PROYECTA, S.L.
3. SERCOYSA, S.L.
4. EIRIÑA, S.L.
5. HORDESCON, S.L.

Segundo.-Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras de mantemento e consolidación do actual circuíto de adestramento no Parque de Castrelos (expediente 11616-333) no seguinte orde decrecente:

Empresas	Puntuación
CONSLAR INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN, S.L.U.	87,62
GABRAT, S.L.	83,04
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	79,85
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	72,80
CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A.	62,85
OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	45,86
CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A.	30,24

Terceiro.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar, CONSLAR INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN, S.L.U, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.-Requerir ó citado licitador o aboamento de 654,12 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Quinto.- Comunicar á Xunta de goberno o acordo de exclusión adoptado pola Mesa de Contratación, na súa sesión do día 7 de decembro de 2012, respecto dos seguintes licitadores:

- Construcciones Boucas, S.L.: por non presentar a documentación técnica no sobre B en formato dixital tal e como esixe o prego de cláusulas administrativas particulares

Sexto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

4(1707).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE BANCOS EN ZONAS VERDES E PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 6697/446.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta do secretario da Mesa de Contratación de data 19-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación da subministración e instalación de bancos en zonas verdes e parques e xardíns (expediente 6697-446)no seguinte orde decrecente:

1. MOYCOSA, S.A.: con una puntuación de 100 puntos
2. CONALSA, S.A.: con una puntuación de 30 puntos
3. CESSPA, S.A.: con una puntuación de 0 puntos
4. GRUPO EMPRESARIAL DE OBRA CIVIL, S.L.: con una puntuación de 0 puntos

Segundo.- Dar conta do acordo desta mesa, adoptado na súa sesión de data 12 de decembro de 2012, de non admisión neste procedemento da mercantil ELECTRO TALLERES ZARAUZ, S.A, por non ter acreditado a súa solvencia técnica, posto que presenta certificacións nas que se menciona o importe das subministracións efectuadas pero non se determina o material subministrado, non resultando posible determinar que teñan realizado subministracións similares ó obxecto do contrato.

Terceiro.- Requirir ó licitador clasificado en primeiro lugar, MOYCOSA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

➤ Resgardo da garantía definitiva.

Cuarto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

5(1708).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO MERCADO DO BERBÉS. EXPTE. 1585/440.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta do secretario da Mesa de Contratación de data 19-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Excluir do presente procedemento ás mercantis seguintes, por conter a súas ofertas valores anormais ou desproporcionados:

1. Obras Caminos y Asfaltos S.A.
2. Dragados, S.A.
3. COPCISA, S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras de **remodelación do mercado do Berbés (expediente 1585-440)** no seguinte orde decrecente:

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	95,08
2	CIVIS GLOBAL, S.L.	93,91
3	C. ALDASA, S.L.U.	91,04
4	ANTALIS, S.L.	90,26
5	UTE CONST. CONDE, S.A.-MACRAUT INGENIEROS, S.L.	89,34
6	ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, S.A.	89,05
7	CONSLAR INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN, S.L.U.	88,74
8	EXTRACO. CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS, S.A.	88,60
9	ORECO	88,12
10	CONSTRUCCIONES SAN JOSÉ, S.A.	86,09
11	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	85,25
12	UTE SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A.-DEMAIN OBRAS Y SERV. S.L.	84,08
13	FERROVIAL AGROMAN, S.A.	82,48
14	DECORACIÓN, INSTALACIONES Y CONSTRUCCIONES, S.A.U.	76,60
15	CORSAN-CORVIAM CONSTRUCCION, S.A.	76,24
16	CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE, S.A.U.	76,21
17	UTE CONST. SOLLA Y CIA S.L.-TALLER DE CONSTRUCCIÓN TMR, S.A.	75,06
18	CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A.	72,06
19	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.-ABECONSA, S.L.U.	67,60
20	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIAIS, S.A.	59,46
21	EIRIÑA, S.L.	59,38
22	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	56,27
23	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	55,15

Terceiro.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar Construcciones Ramirez S.L.U. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRL-CSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Declaración de adscripción ao contrato dos medios personais esixidos no prego de cláusulas técnicas.

Cuarto.-Requerir ó citado licitador o aboamento de 626,28 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Quinto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

6(1709).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA REMOLQUE PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 2697/213.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta do secretario da Mesa de Contratación de data 19-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no negociado con publicidade para a subministración dun vehículo motobomba remolque para o servizo de bombeiros (expediente 2697-213) no seguinte orde decrecente:

1. DOMINA, S.L.: con una puntuación de 37 puntos

Segundo.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar, DOMINA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resguardo da garantía definitiva.

Terceiro.- Conforme á delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

7(1710).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL DA AA.VV. DA PRAZA DA MIÑOCA. EXPTE. 1587/440.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta do secretario da Mesa de Contratación de data 19-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Excluir do presente procedemento ás mercantis seguintes, por conter a súas ofertas valores anormais ou desproporcionados:

1. Obras Caminos y Asfaltos S.A.
2. Extraco, Construcciones y Proyectos, S.A.
3. Oreco, S.A.
4. Jesús Martínez Alvarez, S.L
5. COPCISA, S.A.
6. ANTALSIS, S.L.
7. CONSLAR INGENIERÍA, S.L.U.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras de restauración da praza do paseo de Paz Andrade de Bouzas (expediente 1590-440) no seguinte orde decrecente:

	Empresas	Puntuación
1	DEMAIN OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	97,53
2	CIVIS GLOBAL, S.L.	94,61
3	C. ALDASA, S.L.U.	93,92
4	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	89,49
5	SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	89,01
6	PROYECTA CONSTRUCCIONES, S.L.	80,06
7	UTE CONST. SOLLA Y CIA, S.L.-TALLER DE CONST. TMR, S.A.	78,66
8	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	78,18
9	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	77,75
10	CONSTRUCCIONES CRESPO	68,79
11	EIRIÑA, S.L.	68,69
12	DECORACIÓN, INSTALACIONES Y CONSTRUCCIONES, S.A.U.	27,27

Terceiro.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar, Demain Obras y Servicios, S.L. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Declaración de adscrición ao contrato dos medios persoais esixidos no prego de cláusulas técnicas.

Cuarto.-Requerir ó citado licitador o aboamento de 651,02 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Quinto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

8(1711).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN POR LOTES DA INFRAESTRUTURA FÍSICA PARA O SOPORTE DUN SISTEMA DE ESCRITORIOS VIRTUAIS. EXPTE. 6118/133.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta do secretario da Mesa de Contratación de data 17-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado con publicidade para a contratación da subministración por lotes da infraestrutura física para o soporte dun sistema de escritorios virtuais (expediente 6118-113) no seguinte orde decrecente:

- LOTE 1:

1. IMP, S.L.U. : con una puntuación de 85,17 puntos
2. SIVSA: con una puntuación de 79,35 puntos
3. INFORHOUSE, S.L.: con una puntuación de 68,92 puntos
4. TELEFONICA: con una puntuación de 60,96 puntos
5. ASAC: con una puntuación de 56,42 puntos

- LOTE 2:

1. INFORHOUSE S.L.: : con una puntuación de 56 puntos

Segundo.- Requerir ós licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, IMP, S.L.U. E INFORHOUSE, S.L. respectivamente, para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva.

Terceiro.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

9(1712).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RESTAURACIÓN DA PRAZA DO PASEO DE PAZ ANDRADE DE BOUZAS. EXPTE. 1590/440.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta do secretario da Mesa de Contratación de data 19-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Excluír do presente procedemento ás mercantís seguintes, por conter a súas ofertas valores anormais ou desproporcionados:

1. Obras Reformas y Saneamientos S.L.
2. COPCISA
3. Jrdincelas, S.L.
4. Jesús Martínez Alvarez, S.L.

Segundo.- Comunicar á Xunta de goberno a exclusións acordadas pola Mesa de Contratación respecto dos seguintes licitadores:

1. Construcciones Boucas, S.L. Por non presentar a documentación técnica no sobre B en formato dixital tal e como esixe o prego de cláusulas administrativas particulares
2. Arias Hermanos Construcciones, S.A.: Por presentar a través da plataforma de contratación electrónica Vortal-Gob a documentación persoal, técnica e económica no sobre da documentación persoal.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras de restauración da praza do paseo de Paz Andrade de Bouzas (expediente 1590-440) no seguinte orde decrecente:

1	ORECO	95,01
2	SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	91,93
3	CONSLAR INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN, S.L.U.	90,47
4	CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A.	85,85
5	CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A.	81,62
6	EIRIÑA, S.L.	78,95
7	PROYECTA, S.L.	74,38
8	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	68,94
9	CIVIS GLOBAL, S.L.	64,69
10	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	63,83
11	COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	63,44
12	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	59,53

Cuarto.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar, Oreco, S.A. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Declaración de adscripción ao contrato dos medios personais esixidos no prego de cláusulas técnicas

Quinto.-Requerir ó citado licitador o aboamento de 647,92 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Sexto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

10(1713).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO ARTIGO 30 DO VIXENTE ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS ECONÓMICAS E SOCIAIS DOS TRABALLADORES AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 23765/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o seguinte informe xurídico-proposta de acordo de data 19-12-12, da xefa do servizo de Recursos Humanos, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e informado pola Intervención Xeral Municipal con data 19-12-12:

“ANTECEDENTES

1.- En data 10/12/2012, as seccións sindicais no Concello de Vigo dos sindicatos UGT, SICO, CC OO e CIG remitiron ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal proposta de modificación do artigo 30 do “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, -aprobado polo Pleno do Con-

cello en sesión de 28/12/1998 e en situación de prórroga tácita-, así como proposta de modificación do Regulamento rector do Fondo de Acción Social, aprobado en sesión plenaria de data 01.03.1999.

2.- En data 19/12/2012, e previa convocatoria ao efecto, reúnese a Mesa Xeral de Negociación, no marco da cal as partes lexitimadas para a negociación colectiva acordan prestar conformidade de xeito unánime ao borrador remitido ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en escrito de data 18/12/2012.

3.- En instrucción do servizo de data 19/12/2012 o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ordenou a incoación do correspondente expediente administrativo, xunto coa emisión de informe-proposta con carácter urxente, a efectos de someter ao órgano municipal competente a aprobación das modificacións plantexadas.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

CUESTIÓN PREVIA.- Con carácter previo á análise da viabilidade legal da modificación puntual do vixente Acordo Regulador proposta pola representación sindical do persoal municipal, así como do Regulamento rector do Fondo de Acción Social; e aos efectos de evitar calquera interpretación incorrecta ou distorsionada do contido do presente informe, estímase imprescindible deixar constancia expresa de que en ningún caso o presente documento servirá para amparar hipotéticos incumprimentos da lexislación vixente, non proporcionando en modo algún cobertura para a evitación da efectiva aplicación das medidas e obrigas legais contidas no Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo e restante normativa de concordante e procedente aplicación; debendo salientarse igualmente que calquera hipotética conducta susceptible de ser realizada neste senso incurrirá nos supostos e consecuencias contidos nos artigos 6.4 do vixente Código Civil e 62 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC), declinándose nese eventual suposto calquera responsabilidade ao respecto por parte da funcionaria suscribinte, e lembrando expresamente que a modificación dos instrumentos de rango normativo que se propón ten por finalidade última a mellora e actualización da actividade de acción social que se desenvolve no Concello de Vigo.

Contextualizado adecuadamente o documento, procédese seguidamente á exposición da fundamentación xurídica correspondente.

I.- A ACTIVIDADE DE ACCIÓN SOCIAL NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS: LEGALIDADE DE IMPLEMENTACIÓN DA MESMAS NAS ENTIDADES LOCAIS.

A actividade de acción social que con carácter xeral desenvolven as diferentes Administracións Públicas territoriais pode definirse como o conxunto de actividades destinadas a satisfacer as necesidades dos empregados públicos non recollidas nos tradicionais sistemas de protección social de carácter público nin no ámbito protector da Seguridade Social.

Tradicionalmente, este tipo de actividade social tense implementado e desenvolto polas diferentes Administracións Públicas, incluídas as entidades locais, sen prexuízo do controvertido carácter da mesma, existindo un relevante debate doutrinal¹ en relación á habilitación legal ao respecto. Así, debe considerarse que, se ben o Dereito do Emprego Público contempla con carácter xeral o principio de taxatividade das retribucións dos funcionarios públicos, establecendo a imposibilidade legal de percepción e abono de calquer concepto retri-

1 CORRAL VILLALBA, J. "Manual de gestión de personal", Ed. Thomson Civitas, 2ª Edición.

butivo non previsto legalmente (Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, por remisión da Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2012, do 29 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2012, entre outras) tamén atopa encadre legal o establecemento de sistemas de articulación de sistemas de axuda sociais para o persoal ao servizo do sector público.

O artigo 67 do Decreto 315/1964, do 7 de febreiro, da Lei de Funcionarios Civís do Estado –precepto non derogado pola lexislación posterior e aplicable na actualidade no que non contradiga á mesma¹- contempla expresamente tal posibilidade, sinalando que “el Estado facilitará a sus funcionarios adecuada asistencia social, fomentando la construcción de viviendas, residencias de verano, instalaciones deportivas, instituciones educativas, sociales, cooperativas y recreativas y cuanto contribuya al mejoramiento de su nivel de vida, condiciones de trabajo y formación profesional y social”. Norma que, en calquera caso, debe ser intepretada consonte ás normas que para a interpretación das normas xurídicas contempla o artigo 3 do vixente Código Civil, en atención ao contexto social, histórico e económico da data en que foi dictado.

A propia Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, contempla a posibilidade de desenvolvemento de plans de previsión social complementaria e para a determinación de prestacións sociais no seu artigo 37 -que será analizado en fundamentos xurídicos posteriores- e que ven a preceptuar legalmente a práctica existente no ámbito da Administración Xeral do Estado, sen prexuízo da suxeición ao marco legal vixente².

No concreto suposto das Entidades Locais, debe lembrarse que a propia Constitución de 1978 recoñece ás mesmas a correspondente autonomía (artigo 140) que ten a súa expresión, entre outras, nas potestades regulamentaria e de autoorganización atribuídas polo artigo 4, a apartado 1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local; potestades que, en ningún caso pode exercerse para obviar o cumprimento da lexislación vixente, especialmente no que respecta á produción normativa de rango regulamentario, toda vez que as Entidades Locais carecen de potestade lexislativa, dispoñendo únicamente de capacidade legal de elaboración e aprobación de regulamentos, ordenanzas e bandos, carentes de rango legal e non susceptibles de substituír ás leis, nos termos do principio de xerarquía normativa constitucionalmente consagrado no artigo 9.3 da Carta Magna.

A propia lexislación básica en materia de réxime local, e en desenvolvemento do principio de suficiencia financeira das entidades locais preceptuado no artigo 142 da Constitución, contempla a competencia das entidades locais para a xestión económica e orzamentaria a través dos correspondentes orzamentos municipais para cada exercicio económico, no marco da regulación contemplada no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Neste contexto é no cal se desenvolve a actividade de planificación da actividade económica e financeira local, coa debida observancia ás competencias que para o establecemento das bases e coordinación da planificación da actividade económica xeral e común atribúe en exclusiva ao Estado o artigo 149.1.13ª da Constitución.

1 MARTÍN REBOLLO, L. “Leyes Administrativas”, Edición comentada, Ed. Thomson Reuters, 18ª edición.

2 Disposición Adicional contida no Real Decreto Lexislativo 781/1896, do 18 de abril, en relación co previsto no Real Decreto 480/1993, do 2 de abril, suprimindo a MUNPAL, e a interdicción legal para a realización de aportacións, subvencións ou axudas da índole indicada nas normas de referencia.

En consecuencia, a legalidade do desenvolvemento da actividade de promoción da acción social nas Entidades Locais vén avalada polo marco normativo invocado, co contido e alcance indicados no mesmo.

II.- A MODIFICACIÓN DO ARTIGO 30 DO VIXENTE ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓN ECONÓMICAS E SOCIAIS DOS TRABALLADORES/AS AO SERVIZO DO CONCELO DE VIGO.

O Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo foi aprobado polo Pleno do Concello de sesión de data 28.12.1998, atopándose no momento actual en situación de prórroga tácita. Dito instrumento, froito da negociación colectiva para a cal están lexitimadas as Entidades Locais e as organizacións sindicais con representación no ámbito territorial correspondente, recolle no seu artigo 30 a regulación do Fondo de Acción Social, contemplando expresamente que:

“A fin de mellora-lo benestar do seu persoal, a Corporación Municipal establecerá un fondo de acción social que será xestionado polo órgano previsto no artigo seguinte, que se destinará a financiar accións e programas de carácter social, e que estará dotado cunha cantidade anual de 40.000.000 ptas.

Ademáis, constituirase un fondo adicional por importe de 10.000.000 ptas, ao que se lle acumula a parte non consumida nun exercicio ao seguinte, para facer fronte a sucesos graves e extraordinarios que lle poidan ocorrer ao persoal do cadro ou á súa familia –cónxuxe e fillos-. As asignacións con cargo a este fondo serán finalistas e deberán ser debidamente xustificadas polo/a beneficiario”.

Sen prexuízo de que na proposta sindical efectuada o 10/12/2012 e complementada o 18/12/2012 –e cuxo borrador foi negociado colectivamente en data 19/12/2012- bótase en falta a aportación sindical sobre a motivación da necesidade de incremento das contías destinadas ao Fondo de Acción Social, certo é que o tempo transcorrido (case 14 anos) entre a data de aprobación do Acordo Regulador e a data actual, así como a variación da coxuntura económica acaecida no indicado período, fan aconsellable unha revisión dos importes destinados a tal finalidade, sempre dentro das limitacións que posteriormente se indicarán.

Nos “Informes trimestrais sobre a evolución da economía española”, emitidos polo Banco de España¹ e publicados no Boletín Económico do citado organismo, efectúase unha análise periódica da alteración das variables macroeconómicas que inciden no ámbito da zona euro –circunstancia de coñecemento público xeral- así como das tensións que os Estados membros da Unión económica e monetaria sufren como consecuencia do ciclo económico concorrente, o cal, entre moi diversas consecuencias, xenera a alteración das economías internas e a perda de poder adquisitivo da sociedade en xeral derivada da integración de España na moneda única, formalizada no ano 2002, e das taxas de inflación experimentadas na zona euro dende entón.

Deste xeito, parece axustada ao contexto descrito a actualización do importe destinado á financiación do Fondo de Acción Social, segundo a proposta sindical efectuada e que se reproduce a continuación:

¹ Dispoñible na web www.bde.es; v. Informe trimestral correspondente ao período xullo-agosto 2012.

“A fin de mellorar o benestar social do seu persoal a Corporación Municipal establecerá un fondo de acción social que será xestioando polo órgano previsto no artigo seguinte, e que se destinará a financiar accións e programas de carácter social.

Ademáis constituirase un fondo adicional para facer fronte a sucesos graves e extraordinarios que lle poidan ocorrer ao persoal ou á súa familia –cónxuxe e fillos-. As asignacións con cargo a este fondo serán finalistas e deberán ser debidamente xustificadas polo/a beneficiario/a.

A dotación económica do Fondo de Acción Social determinarase anualmente nos orzamentos do Concello, sendo como mínimo de 300.500 euros”.

Debe sinalarse que o establecemento dunha contía mínima deberá corresponderse, en todo caso, coa obrigatoria observancia dos límites que se establecen tanto na normativa reguladora en materia orzamentaria xeral e local, como na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, vixente dende o pasado 1 de maio, especialmente en canto ao cumprimento dos principios contidos nos artigos 3 a 10 -ambos inclusive- e aos obxectivos en canto ao déficit público e á regra de gasto recollidos na mesma, aos efectos do cal estarase ás previsións que ao efecto se sinalen no preceptivo informe de fiscalización previa¹ que pola Intervención Xeral Municipal se emita no presente expediente.

Dentro do ámbito dos vixentes Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2012, debe sinalarse que existe unha aplicación orzamentaria específica no Capítulo I de gastos (clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social) dotada cunha contía de 300.506,05 euros e adicada á financiación do Fondo Social; consignación que se contempla no proxecto de Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2013 en idéntica contía.

III.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO RECTOR DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL

Por idéntica necesidade de actualización, propónse a modificación do vixente Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS) aprobado polo Pleno en sesión ordinaria do 01.03.1999, que resulta absolutamente necesaria en canto á delimitación dos seguintes aspectos:

-Composición, número e regras de funcionamento da Comisión Xestora, que deberán axustarse ao contido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, en canto ao funcionamento dos órganos colexiados e funcións de Presidente/a e Secretario/a.

-Diferenciación entre bases e convocatoria do Fondo de Acción Social, e regulación de cada unha delas.

-Procedementos internos de xestión das solicitudes de axudas, emisión de propostas e verificación documental pola propia comisión, residenciando a responsabilidade da xestión das axudas no órgano indicado.

-Funcións e réxime de responsabilidade dos seus membros, especialmente no que atinxe ao obrigado cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de Carácter Persoal.

¹ Artigos 213 a 223 do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

-Definición dos programas e ámbitos de incidencia da actividade de acción social.

O texto foi negociado na Mesa Xeral de Negociación o 19/12/2012 en cumprimento do preceptuado no artigo 37.1, apartados e) e g) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e reproducése literalmente a continuación, sen prexuízo da súa incorporación como anexo á presente proposta e do axuste á legalidade vixente do contido da mesma:

“REGULAMENTO DO FONDO DE ACCION SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO

ARTIGO 1.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

É obxecto do presente regulamento o establecemento, organización, réxime de funcionamento, órganos responsables e determinación dos procedementos de xestión do Fondo de Acción Social (FAS) do Concello de Vigo, nos termos do contemplado nos artigos 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo 1999-2002, podendo resultar de aplicación aos Organismos Autónomos municipais que voluntariamente así o acorden.

ARTIGO 2.- CONTIDO

O Fondo de Acción social (FAS) contítúese coas dotacións orzamentarias previstas nos correspondentes Orzamentos Municipais para cada exercicio económico, nos termos e condicións e cos límites e contías establecidas no artigo 30 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo 1999- 2002.

ARTIGO 3.- FINALIDADE DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS)

O Fondo de Acción Social (FAS) ten como finalidade o desenvolvemento de programas de carácter social para o conxunto dos empregados/as públicos municipais, destinados a promover as melloras das súas condicións sociais nos ámbitos profesional e persoal, segundo a clasificación dos programas seguidamente indicada:

▫ *–Programas de carácter socio-sanitario:*

- a) Axudas sanitarias referidas a gastos non incluídos nin cubertos pola Seguridade Social (prótesis dentais, oculares, ortopédicas, entre outras; ciruxía ocular e de corrección de patoloxías de carácter visual; tratamentos de saúde mental e trastornos psicolóxicos; adiccións e toxicomanías; patoloxías de carácter inmunolóxico e alérxico; tratamentos especiais e gastos sanitarios de carácter análogo).*
- b) Axudas sanitarias relativas a gastos xenerados por discapacidades debidamente acreditadas en grao igual ou superior ao 33%, comprensivas de axudas a servizos de rehabilitación e reeducación física e motriz; asistencia especializada no domicilio e centros especializados, compra ou renovación de aparatoloxía e prótesis específicas, eliminación de barreiras arquitectónicas e adaptación de vivenda habitual, e aquelas de carácter análogo).*
- c) Axudas de carácter social á unidade familiar, comprensivas de gastos en concepto de nacemento ou adopción de fillos e coidado infantil, durante os tres primeiros anos de*

vida do menor ou posteriores á formalización da adopción; axudas para o coidado de familiares no marco do fomento da conciliación da vida laboral e familiar.

2.- Programas de promoción do benestar social:

- a) Gastos de transporte dos empregados/as públicos municipais, en contía única e cos límites e tramos a determinar e establecer por acordo da Comisión Xestora do FAS.*
- b) Axudas por defunción, destinadas a gastos por falecemento dos empregados/as públicos municipais en activo, cónxuxes ou parellas en análoga relación de afectividade debidamente acreditadas e descendentes no primeiro grao de consanguineidade.*
- c) Axudas en concepto de adquisición, rehabilitación ou arrendamento de vivenda habitual, nas contías, límites temporais, termos e condicións que se determinen e establezan por acordo da Comisión Xestora do FAS.*

3.- Programas de incentivo á formación:

- a) Axudas para estudos dos empregados/as públicos municipais, cónxuxes ou parellas en análoga relación de afectividade debidamente acreditadas e descendentes no primeiro grao de consanguineidade, destinadas á obtención de títulos oficiais, impartidos en centros de ensinanza públicos ou privados debidamente acreditados e homologados; escolas públicas de formación e capacitación de empregados/as públicos vinculadas ou dependentes das diferentes Administracións Públicas territoriais, e realización de estudos de análoga natureza, nas contías, termos e condicións que se determinen e establezan por acordo da Comisión Xestora do FAS.*

En calquer caso, os supostos contidos en cada un dos diferentes programas non terán carácter taxativo, sendo susceptibles de interpretación por acordo motivado da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social.

ARTIGO 4.- COMPOSICIÓN DA COMISIÓN XESTORA DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (CXFAS)

A Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) estará composta por un representante de cada sindicato ou agrupación electoral que conste con representación no Concello, acadada a través das últimas eleccións sindicais celebradas no centro, que teñan a condición de asinantes ou adheridos ao actual Acordo Regulador ou convenio colectivo, no seu caso, e que actuará con voto ponderado en función da representatividade acadada.

Xuntos cos titulares designaranse os suplentes. Uns e outros poderán ser libremente removidos na súa representación polo sindicato que os designou, debéndose comunicar calquera modificación na composición ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal.

As reunións serán convocadas polo Presidente/a, debendo comunicar a celebración das mesmas por escrito ao Concelleiro/a-delegado/a que ostente as competencias en materia de persoal.

Actuarán como asesores/as da comisión un funcionario/a de carreira do Concello de Vigo con praza de traballador/a social e un funcionario/a de carreira do Concello de Vigo con pra-

za de técnico/a de servizos económicos, designados polo Concelleiro/a-delegado/a que ostente as competencias en materia de persoal.

A Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) terá un número impar de membros, con un mínimo de 5, e como órgano colexiado axustarase en canto ó seu funcionamento, funcións dos seus membros e adopción de actos de acordos ao previsto nos artigos 22 a 27 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

De entre os seus membros designarase un Presidente/a e un Secretario/a, coas funcións contempladas na lexislación vixente.

ARTIGO 5.- FUNCIÓNS DA COMISIÓN XESTORA DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (CXFAS)

A Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) terá as funcións seguintes:

Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social.

Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

Recepción, estudo e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

ARTIGO 6.- BASES REGULADORAS DAS CONVOCATORIAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS)

Nos termos do disposto no artigo 5.1, corresponde á Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS) a elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social.

As bases regularán, de xeito conxunto ou independente, o réxime e calendario das diferentes convocatorias do Fondo de Acción Social susceptibles de executarse en cada exercicio económico, tendo ditas bases vocación de permanencia, podendo aplicarse en diversas convocatorias se non existe modificación ou reorientación dos programas contemplados no artigo 3.

ARTIGO 7.- CONVOCATORIAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS)

As convocatorias do Fondo de Acción Social (FAS) poderán ter carácter ordinario ou extraordinario, nos termos e co contido que se determine pola Comisión Xestora a través das correspondentes bases, rexendo para o desenvolvemento das mesmas os principios seguintes:

-Publicidade, garantindo a difusión e coñecemento das mesmas polo persoal municipal.

-Igualdade, nos termos dos requisitos de capacidade económica que se establezan pola Comisión Xestora do FAS a través das correspondentes bases.

-Protección do dereito constitucional á intimidade persoal e familiar contido no artigo 18 da Constitución de 1978 e garantía do cumprimento das previsións da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concorde aplicación.

-Solidariedade, obxectividade e equidade na xestión dos programas integrantes do Fondo de Acción Social.

-Responsabilidade na xestión económica do Fondo de Acción Social e no exercicio das funcións atribuídas á Comisión, con especial referencia á obriga de verificación e contraste da veracidade da documentación aportada, debendo velar pola ausencia de falsidade en relación aos documentos aportados polos solicitantes.

ARTIGO 8.- BENEFICIARIOS DAS AXUDAS DO FAS E PROCEDIMENTO DE XESTIÓN DAS SOLICITUDES

1.- Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no FAS o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme.

2.- As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado que se aprobará conxuntamente coas bases, adxuntando a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas mesmas, debendo aportarse na sede física da Comisión Xestora do FAS, que deberá acusar recibo formal das mesmas ao solicitante.

O prazo para a presentación de solicitudes figurará en cada unha das convocatorias concretas, debendo expresamente contemplar a data de finalización do mesmo.

As convocatorias deberán ser difundidas entre o persoal municipal para coñecemento, ben mediante a inserción de anuncios nos taboleiros dispoñibles nas distintas dependencias municipais, ou ben mediante medios electrónicos ou informáticos (intranet, correo electrónico).

ARTIGO 9.- RESOLUCION DA CONVOCATORIA

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social procederá a realización das actuacións previstas no artigo 5 do presente regulamento, formulando en consecuencia proposta de resolución ao órgano municipal competente para a aprobación das retribucións do persoal municipal. En relación coa tramitación administrativa, o Presidente/a da Comisión remitirá a proposta efectuada, debidamente motivada e xustificada ao Servizo de Recursos Humanos, aos estrictos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente.

ARTIGO 10.- MODIFICACIÓNS DO REGULAMENTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS)

A modificación do presente regulamento axustarase aos procedementos, prazos e competencias orgánicas previstos na lexislación vixente que resulte de aplicación en canto ao procedemento de aprobación de regulamentos e disposicións de carácter xeral con rango normativo nas Entidades Locais

DISPOSICION DEROGATORIA.- Quedan derogados os regulamentos, actos administrativos e acordos anteriores, e os que contradigan ao previsto no presente regulamento.

DISPOSICION FINAL. - ENTRADA EN VIGOR

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

En calquera caso, sinálase que o procedemento de aprobación e modificación dos regulamentos e ordenanzas locais deberá axustarse ao previsto no 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, artigos 55 a 59 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de concordante aplicación, debendo axustarse o texto aos requisitos e prazos que para a entrada en vigor contempla o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril. Debe considerarse, no obstante, o procedemento contemplado no artigo 49 da mesma norma, requirindo aprobación inicial, período de exposición pública durante 30 días, resolución de reclamacións e suxerencias se as houberse, e aprobación definitiva. Únicamente se non constase a presentación de reclamacións, se entenderá definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

IV.- COMPETENCIA ORGÁNICA E INFORMES PRECEPTIVOS

Corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais, segundo establece o artigo 123.1, apartado d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, resultando necesaria a previa aprobación pola Xunta de Goberno Local, por canto que lle corresponde a éste último órgano colexiado a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos municipais con carácter previo ao seu sometemento ao debate e aprobación no Pleno (artigo 127.1, apartado a) da lei citada).

Como xa se sinalou con anterioridade, resulta preceptiva a emisión de informe de fiscalización previa pola Intervención Xeral Municipal, ao abeiro do establecido no artigo 133.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En consecuencia, e en atención aos antecedentes, fundamentación xurídica e réxime competencial exposto, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase ao Pleno do Concello a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación puntual do artigo 30 do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, nos termos do informe proposta e de fiscalización emitidos no expediente administrativo, e que quedará redactado como a continuación se indica:

“A fin de mellorar o benestar social do seu persoal, a Corporación Municipal establecerá un fondo de acción social que será xestionado polo órgano previsto no artigo seguinte, e que se destinará a financiar accións e programas de carácter social.

Ademáis, constituirase un fondo adicional para facer fronte a sucesos graves e extraordinarios que lle poidan ocorrer ao persoal ou á súa familia –cónxuxe e fillos-. As asignacións con cargo a este fondo serán finalistas e deberán ser debidamente xustificadas polo/a beneficiario/a.

A dotación económica do Fondo de Acción Social determinarase anualmente nos orzamentos do Concello, sendo como mínimo de 300.506,05 euros”.

Segundo.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS) do Concello de Vigo, nos termos do informe-proposta e informe de fiscalización emitidos no expediente administrativo, segundo anexo documental denominado “anexo I”, e que forma parte inseparable e indisoluble do presente acordo.

Terceiro.- Dispoñer a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, aos efectos de cumprimentar o período de información pública e audiencia aos interesados por un prazo mínimo de 30 días contemplado no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.”

ANEXO I

REGULAMENTO DO FONDO DE ACCION SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO

ARTIGO 1.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

É obxecto do presente regulamento o establecemento, organización, réxime de funcionamento, órganos responsables e determinación dos procedementos de xestión do Fondo de Acción Social (FAS) do Concello de Vigo, nos termos do contemplado nos artigos 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo 1999-2002, podendo resultar de aplicación aos Organismos Autónomos municipais que voluntariamente así o acorden.

ARTIGO 2.- CONTIDO

O Fondo de Acción social (FAS) contítúese coas dotacións orzamentarias previstas nos correspondentes Orzamentos Municipais para cada exercicio económico, nos termos e condicións e cos límites e contías establecidas no artigo 30 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo 1999- 2002.

ARTIGO 3.- FINALIDADE DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS)

O Fondo de Acción Social (FAS) ten como finalidade o desenvolvemento de programas de carácter social para o conxunto dos empregados/as públicos municipais, destinados a promover as melloras das súas condicións sociais nos ámbitos profesional e persoal, segundo a clasificación dos programas seguidamente indicada:

1. –Programas de carácter socio-sanitario:

- d) *Axudas sanitarias referidas a gastos non incluídos nin cubertos pola Seguridade Social (prótesis dentais, oculares, ortopédicas, entre outras; ciruxía ocular e de corrección de patoloxías de carácter visual; tratamentos de saúde mental e trastornos psicolóxicos; adiccións e toxicomanías; patoloxías de carácter inmunolóxico e alérxico; tratamentos especiais e gastos sanitarios de carácter análogo).*
- e) *Axudas sanitarias relativas a gastos xenerados por discapacidades debidamente acreditadas en grao igual ou superior ao 33%, comprensivas de axudas a servizos de rehabilitación e reeducación física e motriz; asistencia especializada no domicilio e centros especializados, compra ou renovación de aparatoloxía e prótesis específicas, eliminación de barreiras arquitectónicas e adaptación de vivenda habitual, e aquelas de carácter análogo).*
- f) *Axudas de carácter social á unidade familiar, comprensivas de gastos en concepto de nacemento ou adopción de fillos e coidado infantil, durante os tres primeiros anos de vida do menor ou posteriores á formalización da adopción; axudas para o coidado de familiares no marco do fomento da conciliación da vida laboral e familiar.*

2.- Programas de promoción do benestar social:

- d) *Gastos de transporte dos empregados/as públicos municipais, en contía única e cos límites e tramos a determinar e establecer por acordo da Comisión Xestora do FAS.*

- e) *Axudas por defunción, destinadas a gastos por falecemento dos empregados/as públicos municipais en activo, cónxuxes ou parellas en análoga relación de afectividade debidamente acreditadas e descendentes no primeiro grao de consanguineidade.*
- f) *Axudas en concepto de adquisición, rehabilitación ou arrendamento de vivenda habitual, nas contías, límites temporais, termos e condicións que se determinen e establezan por acordo da Comisión Xestora do FAS.*

3.- Programas de incentivo á formación:

- b) *Axudas para estudos dos empregados/as públicos municipais, cónxuxes ou parellas en análoga relación de afectividade debidamente acreditadas e descendentes no primeiro grao de consanguineidade, destinadas á obtención de títulos oficiais, impartidos en centros de ensinanza públicos ou privados debidamente acreditados e homologados; escolas públicas de formación e capacitación de empregados/as públicos vinculadas ou dependentes das diferentes Administracións Públicas territoriais, e realización de estudos de análoga natureza, nas contías, termos e condicións que se determinen e establezan por acordo da Comisión Xestora do FAS.*

En calquera caso, os supostos contidos en cada un dos diferentes programas non terán carácter taxativo, sendo susceptibles de interpretación por acordo motivado da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social.

ARTIGO 4.- COMPOSICIÓN DA COMISIÓN XESTORA DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (CXFAS)

A Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) estará composta por un representante de cada sindicato ou agrupación electoral que conste con representación no Concello, acadada a través das últimas eleccións sindicais celebradas no centro, que teñan a condición de asinantes ou adheridos ao actual Acordo Regulador ou convenio colectivo, no seu caso, e que actuará con voto ponderado en función da representatividade acadada.

Xuntos cos titulares designaranse os suplentes. Uns e outros poderán ser libremente removidos na súa representación polo sindicato que os designou, debéndose comunicar calquera modificación na composición ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal.

As reunións serán convocadas polo Presidente/a, debendo comunicar a celebración das mesmas por escrito ao Concelleiro/a-delegado/a que ostente as competencias en materia de persoal.

Actuarán como asesores/as da comisión un funcionario/a de carreira do Concello de Vigo con praza de traballador/a social e un funcionario/a de carreira do Concello de Vigo con praza de técnico/a de servizos económicos, designados polo Concelleiro/a-delegado/a que ostente as competencias en materia de persoal.

A Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) terá un número impar de membros, con un mínimo de 5, e como órgano colexiado axustarase en canto ó seu funcionamento, funcións dos seus membros e adopción de actos de acordos ao previsto nos artigos 22 a 27 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

De entre os seus membros designarase un Presidente/a e un Secretario/a, coas funcións contempladas na lexislación vixente.

ARTIGO 5.- FUNCIÓNS DA COMISIÓN XESTORA DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (CXFAS)

A Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) terá as funcións seguintes:

Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social.

Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

Recepción, estudo e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

ARTIGO 6.- BASES REGULADORAS DAS CONVOCATORIAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS)

Nos termos do disposto no artigo 5.1, corresponde á Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS) a elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social.

As bases regularán, de xeito conxunto ou independente, o réxime e calendario das diferentes convocatorias do Fondo de Acción Social susceptibles de executarse en cada exercicio económico, tendo ditas bases vocación de permanencia, podendo aplicarse en diversas convocatorias se non existe modificación ou reorientación dos programas contemplados no artigo 3.

ARTIGO 7.- CONVOCATORIAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS)

As convocatorias do Fondo de Acción Social (FAS) poderán ter carácter ordinario ou extraordinario, nos termos e co contido que se determine pola Comisión Xestora a través das correspondentes bases, rexendo para o desenvolvemento das mesmas os principios seguintes:

-Publicidade, garantindo a difusión e coñecemento das mesmas polo persoal municipal.

-Igualdade, nos termos dos requisitos de capacidade económica que se establezan pola Comisión Xestora do FAS a través das correspondentes bases.

-Protección do dereito constitucional á intimidade persoal e familiar contido no artigo 18 da Constitución de 1978 e garantía do cumprimento das previsións da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concorde aplicación.

-Solidariedade, obxectividade e equidade na xestión dos programas integrantes do Fondo de Acción Social.

-Responsabilidade na xestión económica do Fondo de Acción Social e no exercicio das funcións atribuídas á Comisión, con especial referencia á obriga de verificación e contraste da veracidade da documentación aportada, debendo velar pola ausencia de falsidade en relación aos documentos aportados polos solicitantes.

ARTIGO 8.- BENEFICIARIOS DAS AXUDAS DO FAS E PROCEDIMENTO DE XESTIÓN DAS SOLICITUDES

1.- Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no FAS o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme.

2.- As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado que se aprobará conxuntamente coas bases, adxuntando a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas mesmas, debendo aportarse na sede física da Comisión Xestora do FAS, que deberá acusar recibo formal das mesmas ao solicitante.

O prazo para a presentación de solicitudes figurará en cada unha das convocatorias concretas, debendo expresamente contemplar a data de finalización do mesmo.

As convocatorias deberán ser difundidas entre o persoal municipal para coñecemento, ben mediante a inserción de anuncios nos taboleiros dispoñibles nas distintas dependencias municipais, ou ben mediante medios electrónicos ou informáticos (intranet, correo electrónico).

ARTIGO 9.- RESOLUCION DA CONVOCATORIA

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social procederá a realización das actuacións previstas no artigo 5 do presente regulamento, formulando en consecuencia proposta de resolución ao órgano municipal competente para a aprobación das retribucións do persoal municipal. En relación coa tramitación administrativa, o Presidente/a da Comisión remitirá a proposta efectuada, debidamente motivada e xustificada ao Servizo de Recursos Humanos, aos estritos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente.

ARTIGO 10.- MODIFICACIÓNS DO REGULAMENTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS)

A modificación do presente regulamento axustarase aos procedementos, prazos e competencias orgánicas previstos na lexislación vixente que resulte de aplicación en canto ao procedemento de aprobación de regulamentos e disposicións de carácter xeral con rango normativo nas Entidades Locais

DISPOSICION DEROGATORIA.- Quedan derogados os regulamentos, actos administrativos e acordos anteriores, de igual ou inferior rango e que contradigan ao previsto no presente regulamento.

DISPOSICION FINAL. - ENTRADA EN VIGOR

O presente regulamento entrará en vigor aos 15 días contados dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar nos seus termos a anterior proposta formulada pola xefa do servizo de Recursos Humanos o día 19-12-12, referida á modificación puntual do Acordo Regulador das Condicións Económicas e Sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.

11(1714).- NOMEAMENTO DE TRES FUNCIONARIAS INTERINAS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POR UN PERÍODO DE 6 MESES. EXPTE. 23756/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de RR.HH., do 10.12.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 19.12.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Auxiliares de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do

Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades dos Servizos de Benestar Social, Rexistro Xeral e Estatística, contidas nos escritos de datas 15 de marzo e 30 de outubro de 2012, 5 e 19 de novembro de 2012 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 32.242,86€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarias interinas por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a. BEATRIZ FERNÁNDEZ IGLESIAS, DNI 36.053.544-D, D. JOSÉ MANUEL COUÑAGO GONZÁLEZ, DNI 77.001.336-G e D^a. CLARA BARCIELA BALADO, DNI 76.998.711-R, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138, auxiliar, sendo adscritos/as aos Servizos de Estatística (cód. 234), Rexistro Xeral (cód. 232) e, Benestar Social (cód. 301).

Cuarto.- A xornada laboral das traballadoras nomeadas, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

12(1715).- NOMEAMENTO INTERINO DE SEIS SUBALTERNOS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POR UN PERÍODO DE 6 MESES. EXPTE. 23757/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de RR.HH., do 17.12.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 13.12.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de seis funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Subalternos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, contidas no escrito de data 1 de outubro de 2012 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 61.536,60€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarias interinas por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a. MONTSERRAT CRUZ RODRÍGUEZ, DNI 76.997.201-D, D^a. M^a. JESÚS DAVILA MOLDES, DNI 36.087.427-J, D^a. M^a. ARANZAZU LORENZO RAMÍREZ, DNI 36.101.602-C, D^a. M^a. DOLORES MONTENEGRO GREGORIO, DNI 36.134.169-L, D. GUILLERMO CAMESELLE ABALDE, DNI 53.177.845-M e, D^a. ANA BELÉN VIEIRA PARADA, DNI 36.134.353-L, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Subalterno/a, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, ordenanza-porteiro/a, sendo adscritos/as ao Servizo de Conserxería (cód. 201).

Cuarto.- A xornada laboral das traballadoras nomeadas, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

rs

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.